Galicia Encantada

20 ANIVERSARIO 2005 2025

Enciclopedia de Fantasía Popular de Galicia

Fauna

CATEGORÍAS RELACIONADAS

Lenda de lobos do cruceiro da Gándara

"No lugar de Cerqueiras da parroquia de Santa Cristina de Vea, concello da Estrada (Pontevedra), e de fronte da capela da Gándara, dedicada á Virxe de Aránzazu, tópase un cruceiro barroco de boa arte popular. Ten no varal de sección poligonal a figura dun frade francisco con palma na man dereita que ben puidera ser Santo Antón aínda que sen neno; na cruz presenta a Cristo encravado, por unha banda, e pola outra a Virxe triunfante, cos brazos abertos como no pasamento da Ascensión, con anxos todo ó redor.

No basamento ten este epígrafe:

JUAN DE PORTO Y CATALINA DE RIBEIRA SU MUGER PAGARON ETA OBRA AÑO 1742

Nunha das faces do varal estoutro bastante comesto polo tempo:

ANTE ES/ TE CRUCE/ RO... VN/ ...SALVE/ ... APEDIMIº/ DE QUIEN/ LO MANDÓ/ HACER AÑO/ DE 1747

Os veciños do lugar Francisco Barcala Sinde e Xosé Barcala, duns corenta e cinco anos, contáronnos a lenda do erguemento do cruceiro manifestando que, cando o lugar da Cerqueira era todo unha carballeda, había moitos lobos nel e certo día levaron as feras unha meniña, filla dos Xan de Porto e Catalina de Ribeira que figuran na inscrición do cruceiro. Buscaron os pais a nena inzados de dor sen topala por ningures. Acudiron entón á Virxe que na capela recibe homenaxe e pregaron acesamente. Cando volveron a buscar deron coa nena viva e sa acariñando un lobo morto que á beira tiña. Os pais agradecidos fixeron erguer o cruceiro que alí está".



BIBLIOGRAFÍA

FONTE:

BOUZA BREY, F., Léenda de lobos do cruceiro da Gándara, Revista Nós, 97, Ourense, 1932.